

**Artigo primeiro.** *Modificación do anexo II do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

O anexo II do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, queda modificado como segue:

a) O número de referencia 663 queda redactado nos termos seguintes:

«663. (2RS, 3RS)-3-(2-clorofenil)-2-(4-fluorofenil)-[1H-1,2,4-triazol-1-il]metil)oxirano; epoxiconazol (número CAS 133855-98-8)»

b) Suprímese o número de referencia 1182.

c) Engádense os seguintes números de referencia:

Número de ref.	Nome químico	Núm. CAS
«1234	PEG-3,2',2'-di-p-fenilendiamina	144644-13-3
1235	6-nitro-o-toluidina	570-24-1
1236	HC Yellow n.º 11	73388-54-2
1237	HC Orange n.º 3	81612-54-6
1238	HC Green n.º 1	52136-25-1
1239	HC Red n.º 8 e os seus sales	97404-14-3, 13556-29-1
1240	Tetrahidro-6-nitroquinoxalina e os seus sales	158006-54-3, 41959-35-7
1241	Disperse Red 15, salvo como impureza en Disperse Violet 1	116-85-8
1242	4-amino-3-fluorofenol	399-95-1
1243	N,N'-dihexadecil-N,N'-bis (2-hidroxi)etil)propanodiamida. Bishidroxi)etil Biscetil Malonamida	149591-38-8»

**Artigo segundo.** *Prazo de venda ou cesión.*

A partir do 21 de febreiro de 2008 non poderán ser vendidos ou cedidos ao consumidor final produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2007/1/CE da Comisión, do 29 de xaneiro de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, sobre produtos cosméticos, para adaptar o seu anexo II ao progreso técnico.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 21 de novembro de 2007.

Madrid, 4 de setembro de 2007.—O ministro de Saúde e Consumo, Bernat Soria Escoms.

## MINISTERIO DE FOMENTO

**16258** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, polo que se aproba o Regulamento sobre seguranza na circulación da rede ferroviaria de interese xeral. («BOE» 220, do 13-9-2007.)*

Advertidos erros no Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, polo que se aproba o Regulamento sobre seguranza

na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 19, do 19 de xullo de 2007, transcribíense as seguintes rectificacións:

Na páxina 2447, primeira columna, disposición transitória quinta, cobertura de responsabilidade civil das empresas ferroviarias, onde di: «o número 4 da disposición adicional sexta...», debe dicir: «o número 4 da disposición adicional sétima...».

Na páxina 2447, primeira columna, disposición derogatoria única, derogación normativa, onde di: «Quedan derogados os capítulos V e VI do título III, relativos ao réxime de seguranza no transporte ferroviario e á investigación de accidentes ferroviarios...», debe dicir: «Quedan derogados os capítulos V e VI, relativos ao réxime de seguranza no transporte ferroviario e á investigación de accidentes ferroviarios».

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**16336** *ORDE TAS/2632/2007, do 7 de setembro, pola que se modifica a Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social. («BOE» 221, do 14-9-2007.)*

O artigo 180 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determina nos seus novos puntos 3 e 4 que as cotizacións realizadas durante determinados períodos de redución da xornada laboral por coidado de menores, discapacitados ou familiares ata o segundo grao de parentesco, a que se refire o artigo 37.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, se computarán incrementadas ata o 100 por 100 da contía que correspondería de manterse a xornada sen a dita redución.

Esta nova modalidade de prestación familiar de carácter contributivo ten unha incidencia directa sobre o convenio especial regulado no artigo 21 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola cal se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social, cuxo obxecto consiste no mantemento das bases de cotización nas contías polas cales se viña cotizando con anterioridade á redución da xornada de traballo como consecuencia do desempeño, entre outros, dos coidados recollidos no artigo 37.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. En consecuencia, procédese a reformar o citado artigo 21 co fin de declarar a improcedencia da subscrición do convenio especial por el regulado durante eses períodos de redución da xornada laboral a que se refire o artigo 180.3 e 4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Parece conveniente, así mesmo, posibilitar a subscrición do referido convenio especial noutros supostos de redución da xornada de traballo en que tamén se produce a diminución proporcional do salario ou retribución, tal como ocorre nos casos regulados polos artigos 37.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e 49.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, co fin de facer efectiva a protección ou o dereito á asistencia social integral das traballadoras e funcionarias que sexan vítimas da violencia de xénero.

Por outra parte, o Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia, establece a inclusión obrigatoria dos coidadores non profesionais dentro do campo de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social, no cal quedarán en situación asimilada á de alta mediante a subscrición dun convenio especial, nos termos e condicións que nel se determinan.

Sen prexuízo da aplicación supletoria do disposto no capítulo I da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social, no non previsto polo citado real decreto, conforme se sinala no seu artigo 5, resulta preciso regular algúns aspectos do convenio especial dos coidadores non profesionais en desenvolvemento e aplicación da dita norma regulamentaria, en exercicio da facultade outorgada para iso ao ministro de Traballo e Asuntos Sociais pola súa disposición derradeira quinta.

Tales aspectos radican en determinar a data de efectos do referido convenio especial e, se é o caso, da opción polo mantemento da base de cotización previa á súa subscrición; na fixación da dedicación completa aos coidados non profesionais, dada a súa incidencia na cotización correspondente; en precisar o alcance da compatibilidade do subsidio de desemprego con dereito á cotización por xubilación con este convenio; en declarar a improcedencia da súa subscrición durante os períodos de redución de xornada laboral previstos no artigo 180.3 e 4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, e no sinalamento das causas específicas de extinción do convenio e da cotización que, se é o caso, corra por conta do coidador.

Para abordar ese desenvolvemento normativo resulta idónea a Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, ao constituír a disposición regulamentaria en que se contén, de forma unitaria, a regulación de todas as modalidades de convenio especial no sistema da Seguridade Social, á cal cabe engadir a do convenio para coidadores non profesionais mediante a correspondente modificación normativa no seu articulado.

Finalmente, procédese a actualizar a cita que no punto 2 do artigo 27 da Orde TAS/2865/2003 se efectúa do Real decreto 1467/1997, do 19 de setembro, substituíndoa por outra do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, en que se regulan as particularidades do convenio especial a subscribir por tales deportistas e que procedeu a derogar aquel.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas e, en particular, pola prevista na disposición derradeira quinta do Real decreto 615/2007, do 11 de maio.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social.*

A orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social, queda modificada como segue:

Un. O artigo 21 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 21. *Convenio especial en determinados supostos de redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario.*

1. Os traballadores por conta allea ou asimilados que reduzan a súa xornada de traballo con diminución proporcional do salario ou retribución, ao abeiro do artigo 37.4 bis, 5 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou dos artigos 48.1.g) e h) e 49.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, poderán subscribir a modalidade de convenio espe-

cial que se regula neste artigo, co fin de manter as bases de cotización nas contías por que viñan cotizando con anterioridade á redución da xornada.

2. Non procederá a subscrición deste convenio especial durante os períodos de redución de xornada nos cales as cotizacións se computen incrementadas ata o 100 por 100 da contía que correspondería se a xornada de traballo se mantivese sen a dita redución, de acordo co previsto no artigo 180.3 e 4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

3. A base mensual de cotización neste convenio especial estará constituída pola diferenza entre as bases correspondentes á redución de xornada e a de calquera das bases elixida polo interesado de entre as sinaladas no artigo 6.2.1 desta orde, pero referido o cómputo previsto nas súas alíneas a) e b), respectivamente, aos 24 ou aos 12 meses anteriores ao inicio da situación de xornada reducida ou, se é o caso, á data en que se extingui a obriga de cotizar.

4. A cotización a completar nesta modalidade de convenio especial será a correspondente ás situacións e continxencias de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia, derivadas de enfermidade común ou accidente non laboral, no réxime da Seguridade Social en que se subscriba o convenio.

5. Os traballadores ou asimilados que subscriban o convenio especial serán considerados en situación de alta, para efectos do conxunto da acción protectora do réxime de Seguridade Social correspondente.»

Dous. O punto 2 do artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«2. Este convenio especial suxeitarase ás particularidades establecidas no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, e, no seu defecto, haberá que atermose ao disposto no capítulo I desta orde.»

Tres. Engádesse unha nova sección ao capítulo II, nos termos seguintes:

«SECCIÓN 6.<sup>a</sup> CONVENIO ESPECIAL PARA COIDADORES DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

Artigo 28. *Convenio especial de coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia.*

O convenio especial entre a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e os coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia, para efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social, rexerese polo Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia e, conforme o disposto no seu artigo 5, polo capítulo I desta orde no non previsto no seu articulado, coas seguintes particularidades:

1. O convenio especial producirá efectos desde o mesmo día que a prestación económica para coidados familiares concedida á persoa en situación de dependencia, de acordo coa resolución que a recoñecese, sempre que o coidador reúna as condicións exixidas nos artigos 1 e 2 do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, para o seu encadramento na Seguridade Social.

En caso de que, con posterioridade á concesión da prestación económica á persoa por el atendida, o coidador non profesional interrompa a actividade pola cal estiver incluído no sistema da Seguridade Social ou deixe de encontrarse nalgunha das outras situacións en que non procede a subscrición do convenio especial conforme o artigo 2 do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, a data de efectos do conve-

no determinárase de acordo co disposto no artigo 5.2 desta orde.

2. Para efectos da subscripción deste convenio especial, considerarase que os coidados non profesionais alcanzan a dedicación completa a que se refire o artigo 4.1 do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, cando se presten durante 40 horas semanais.

3. No suposto de subscripción do convenio especial por parte de traballadores perceptores do subsidio por desemprego con dereito a cotización pola continxencia de xubilación, a cota do convenio reducirase na parte que corresponda á dita continxencia. Os interesados que subscribisen o convenio especial regulado no artigo 24 desta orde poderán manter a base pola cal viñesen cotizando, non obstante a extinción deste último, nos termos establecidos polos artigos 2.5 e 4.2 do Real decreto 615/2007, do 11 de maio.

4. Non procederá a subscripción deste convenio especial durante os períodos de redución de xornada de traballo nos cales as cotizacións se computen incrementadas ata o 100 por 100 da contía que correspondería se a xornada se mantivese sen a dita redución, de acordo co previsto no artigo 180.3 e 4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

5. Este convenio especial extingúese polas causas sinaladas no artigo 10.2 desta orde, a excepción das recollidas nas súas alíneas c) e e), así como polas seguintes:

a) Por adquirir o coidador a condición de titular dunha pensión de viuvez ou en favor de familiares, cando teña 65 ou máis anos.

b) Por falecemento da persoa en situación de dependencia ou extinción da prestación económica para coidados familiares por ela percibida.

c) Cando o coidador deixe de prestar os seus servizos como tal ou, en xeral, de reunir as condicións e requisitos establecidos no Real decreto 615/2007, do 11 de maio.

6. Cando o coidador non profesional optase por manter a base de cotización pola cal viña cotizando, nos supostos a que se refire o artigo 4.2 do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, os efectos da opción coincidirán cos do convenio especial sinalados no punto 1, de se presentar a solicitude dentro dos 90 días naturais seguintes ao da baixa no réxime que corresponda pola actividade ou convenio anterior ou ao da redución da xornada. Se a opción se formulase fóra do prazo antes indicado, producirá efectos desde o día de presentación da solicitude.

Nestes supostos, o dereito a cotizar por parte do coidador extingúese polas seguintes causas:

a) Por renuncia ao aboamento da parte de cota ao seu cargo, comunicada á Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Neste caso, os efectos da renuncia terán lugar a partir do día primeiro do mes seguinte á data da comunicación.

b) Por falta de aboamento de tres mensualidades consecutivas ou cinco alternativas da parte de cota ao seu cargo, salvo causa xustificada de forza maior debidamente acreditada.»

Catro. O actual artigo 28 pasa a constituír o novo artigo 29, con idéntica redacción.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de setembro de 2007.—O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**16337** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1031/2007, do 20 de xullo, polo que se desenvolve o marco de participación nos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Kioto.* («BOE» 221, do 14-9-2007.)

Advertidos erros no Real decreto 1031/2007, do 20 de xullo, polo que se desenvolve o marco de participación nos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Kioto, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 21, do 26 de xullo de 2007, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2642, artigo 7.1.a), onde di: «Entenderase que unha entidade ten a súa residencia en España sempre que fose constituída conforme a lei dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ben teña o seu domicilio social ou a súa sede de dirección efectiva no seu territorio.», debe dicir: «Entenderase que unha entidade ten a súa residencia na Unión Europea sempre que fose constituída conforme a lei dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ben teña o seu domicilio social ou a súa sede de dirección efectiva no seu territorio.»

No artigo 7.1.b), onde di: «As persoas ou entidades que teñan a súa residencia en territorio español cando participen en proxectos...», debe dicir: «As persoas ou entidades que teñan a súa residencia en territorio da Unión Europea cando participen en proxectos...».

No artigo 7.1.c), onde di: «... ou empresas ou entidades que teñan a súa residencia en territorio español de acordo co previsto na letra a) desta epígrafe, en relación con proxectos incluídos nos devanditos fondos.», debe dicir: «... ou empresas ou entidades que teñan a súa residencia en territorio da Unión Europea de acordo co previsto na letra a) desta epígrafe, en relación con proxectos incluídos nos devanditos fondos.»

No artigo 7.3.f).1, onde di: «Certificación da entidade operacional designada no informe de validación ou da entidade independente no informe de verificación;», debe dicir: «Certificación da entidade operacional designada no informe de validación ou da entidade independente acreditada no informe de verificación;».

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**16339** *REAL DECRETO 1118/2007, do 24 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, ben como as súas condicións de utilización.* («BOE» 221, do 14-9-2007.)

O Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, ben como as súas condicións de utilización, incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 95/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro, relativa aos aditivos distintos de corantes e edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios. Este real